

RESOLUCIÓN REITORAL DE 12 DE SETEMBRO DE 2023 DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE FORMACIÓN EN SISTEMAS INFORMÁTICOS DIRIXIDAS A ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2023/2024

Unha vez publicado a Resolución Reitoral de data 6 de setembro de "Modificación da convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso 2023/24".

Onde se indica: os prazos de matrícula, modificación e anulación quedarán do seguinte xeito,

Autoservicio: **"O resto do alumnado do 23 de agosto ao 25 de setembro"**

Tendo en conta que a data fin de matrícula é fundamental para o cumprimento do requisito establecido na base 2 da Resolución Reitoral de 29 de maio de 2023 pola que se convocan bolsas de formación en sistemas informáticos dirixidas a estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024

ESTA REITORÍA RESOLVE

Modificar a Base 2b) da devandita resolución reitoral,

Onde dicía,

Para estes efectos terase en conta o estado da matrícula o día 18 de setembro.

Queda redactada do seguinte xeito:

Para estes efectos terase en conta o estado da matrícula o día 25 de setembro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

(asinado electronicamente)

Natalia Caparrini Marín

CSV : GEN-7fc4-916f-b5e7-f323-7509-e9aa-b1a3-2ed8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/ptf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 12/09/2023 10:48 | NOTAS : F

